



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Rectificación da resolución de alcaldía núm. 689/2024, pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura de 4 prazas de auxiliar administrativo/a (estabilización)

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 770/2024, de data 10.06.2024, aprobouse a rectificación da Resolución da Alcaldía núm. 689/2024, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 689/2024, POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 4 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIÓNS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Expediente: 2022/E001/000020; 2022/E001/000023; 2023/G003/000494; 2024/G003/000660; 2024/G003/000759

O 03.06.2024 publicouse no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Fene a Resolución da Alcaldía 689/2024 do 27.05.2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura de 4 prazas de auxiliar administrativo/a, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal.

O 03.06.2024 Ana María Barreiro Perez presenta escrito co núm. Rexistro 202499900001531 no que di:

“Detectado erro na listaxe provisional e definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura de 4 prazas de auxiliar administrativo/a, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, onde di “López” debe dicir “Pérez”: é Ana María Barreiro Pérez e non Ana María Barreiro López. Segundo a base xeral oitava, no punto 8.2, os erros que non afecten ao cumprimento dos requisitos e participación poderanse emendar de oficio, ou a petición da persoa interesada, con posterioridade a aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas. O erro non foi corrixido de oficio, polo que solicita a corrección do segundo apelido.”

Consonte ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta o anterior e en uso das atribucións da alcaldía no artigo 21.1. da LRBRL, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material da Resolución da alcaldía núm. 689/2024 do 27.05.2024, de xeito que no apartado terceiro e en relación coa listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas, aspirante número 2:

Onde di: “BARREIRO LÓPEZ, ANA MARÍA”

Debe dicir: “BARREIRO PÉREZ, ANA MARÍA”

SEGUNDO.- Notificarlle a presente resolución a Ana María Barreiro Pérez comunicándolle que contra a mesma poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe”.

En Fene, asinado dixitalmente o 11.06.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey

2024/4137